

Editorial

Galicia 21. Journal of Contemporary Galician Studies comezou a súa andaina en 2009 da man de Helena Miguélez-Carballeira e Craig Patterson. Foi desde os seus inicios unha aposta por un enfoque interdisciplinar nun contexto global (como revista bilingüe en galego e inglés) e de contidos abertos. Tratábase, polo tanto, dunha iniciativa para dar pulo á disciplina dos Estudos Galegos dentro dos xa omnipresentes medios tecnolóxicos do século que dá nome á publicación. Ao longo da súa traxectoria, *Galicia 21* serviu de plataforma para a diseminación dunha variedade de temas (literatura, historia, sociolingüística, etc.) e perspectivas analíticas (Cultural Studies, Feminist Studies, Postcolonial Studies, etc.), tanto de investigadoras galegas como internacionais. Botando a vista atrás, sete anos despois, non cabe dúbida do éxito acadado pola revista grazas ao traballo das súas editoras fundacionais.

En 2015, tras un breve silencio debido á restructuración do seu organigrama, *Galicia 21* comeza unha nova xeira. A que fora a única editora nos últimos números da revista, Helena Miguélez-Carballeira, cédenos a dirección a David Miranda-Barreiro (Bangor University) e Martín Veiga (University College Cork). Porén, Helena non andará moi lonxe, xa que pasa ao comité editorial, ao que tamén se incorpora a que fora editora de recensións María Liñeira, posto agora ocupado por Elisa Serra Porteiro (University College Cork). Como non podía ser doutro xeito, as nosas primeiras verbas como editores van cargadas de agradecemento tanto a Helena como a María, polo seu monumental traballo e por todo o apoio que nos prestaron tras a nosa incorporación como novos editores.

O F será a nosa primeira letra, o noso primeiro ‘número’. Un F para mirar ao futuro, mais mantendo os principios fundacionais da revista. Mantemos a vocación internacional, con colaboracións de tres investigadoras norteamericanas (Sharon R. Roseman, John Thompson e Neil D. Anderson) no que é unha mostra da forza que están a coller os Estudos Galegos nos Estados Unidos. Xunto con elas, dúas voces galegas (Marta Pérez Pereiro e Manuela Palacios), cuxos traballos de investigación salientan a versatilidade e vontade anovadora da disciplina no noso país. Pérez Pereiro aporta a primeira aproximación ao cinema galego que se fai na revista, e analiza os desafíos causados pola súa condición de ‘pequeno cinema’ para a industria, mais tamén as posibilidades da súa posición periférica. Pola súa banda, Palacios compara as representacións das mulleres migrantes nas literaturas galega e irlandesa. Do outro lado do Atlántico, chégannos máis análises literarias, de novo desde perspectivas renovadoras, como o uso feito por Anderson dos termos ‘perduranza’ e ‘furor ontolóxico’, acuñados por Rafael Dieste, na súa lectura de dúas representacións do rural na literatura galega recente e nas campañas publicitarias de Microsoft e da Xunta de Galicia. Roseman ofrece tamén unha comparativa, neste caso dos cronotopos que se poden atopar en dúas novelas que xiran en torno á guerra civil e o franquismo (*No ventre do silencio* de Méndez Ferrín e *O lapis do carpinteiro* de Rivas). Saíndo do enfoque literario mais sen apartarse moito da temática das novelas traballadas por Roseman, Thompson non só analiza as problemáticas que presenta a interpretación de moitos dos monumentos conmemorativos que funcionan como ‘lugares da memoria’ da guerra e a ditadura en Galicia, senón que tamén ofrece

alternativas que involucren activamente á cidadanía na súa creación. Non abandonamos tampouco o formato do 'Artigo Convidado' e invitamos neste número a Manuel Gago, quen nos fala da presenza (e ausencia) do galego no mundo computacional de Internet, das redes sociais e das *apps* móbiles. Finalmente, mantemos tamén a sección de recensións, na que combinamos títulos recentes, tanto en galego como en inglés, que abranguen unha variedade de temas históricos e literarios.

E como hai que mirar polas cousas bonitas, seguiremos regando as plantas que tan coidadosamente diseña *describir* para as nosas portadas e contando co seu elegante traballo de maquetación, xunto co tamén indispensable soporte informático de *estudiocaravana* e a súa espléndida web.

Benvidas, logo, a esta nova xeira de *Galicia 21. Journal of Contemporary Galician Studies*. Traballaremos para estar á altura das nosas predecesoras e para que sexa este un espazo no que dar cabida e visibilidade á vangarda dos Estudos Galegos desde un enfoque interdisciplinar e internacional.

David Miranda-Barreiro
Martín Veiga
Editores